

## **IV CONCURSO DE BELÉNS E ÁRBORES DE NADAL DO CONCELLO DE TOÉN**

*O Concello de Toén convida ás asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello, comunidades de montes, entidades colectivas sen ánimo de lucro, establecementos comerciais do Concello, e establecementos de carácter público do concello (CEIP, Centro de saúde, Centro de día, Escola infantil... etc), a participar no IV Concurso de nacementos e árbores de Nadal.*

*Outorgaranse 3 premios económicos e 1 en especie para os mellores nacementos e árbores a concurso. As bases están dispoñibles na páxina web do concello [www.toen.es](http://www.toen.es) así como o modelo de solicitude para participar no concurso.*

**O PRAZO DE INSCRIPCIÓN REMATA O 19 DE DECEMBRO**



**BASES IV CONCURSO DE BELÉNS E ÁRBORES DE NADAL DO CONCELLO DE TOÉN  
(EXP. 370/2019)**

**1. PARTICIPANTES**

Poderán participar todas as asociacións inscritas no Rexistro de asociacións do Concello de Toén (Asociacións culturais, de mulleres... etc), as Comunidades de Montes e Entidades Colectivas sen ánimo de lucro do Concello, así como os establecementos comerciais do Concello. Tamén poderán participar os establecementos de carácter público do Concello (CEIP, Centro de saúde, Centro de día, Escola infantil... etc).

**2. TEMÁTICA**

Poderán participar todos os beléns e árbores de Nadal do termo municipal de Toén, que con carácter colectivo ou individual se presenten para concorrer no presente concurso. Non se premiará a repetición de obras (beléns ou árbores de Nadal xa presentadas nos concursos dos anos anteriores).

Os beléns poderán ser de calquera tamaño, quedando a disposición dos autores o material a utilizar así como a utilización de elementos vexetais, figuras articuladas, efectos especiais, música ambiente..., premiándose a orixinalidade artística e monumental das construcións belenísticas así como a ornamentación das árbores de Nadal.

**3. INSCRICIÓN**

Todas as entidades e establecementos interesados en participar, deberán inscribirse nas dependencias do Concello de Toén ata o día 19/12/2019.

Deberán achegar os seguintes datos: nome da entidade ou establecemento, CIF ou NIF no seu caso, e enderezo, así como un teléfono de contacto ou correo electrónico, sinalando a situación exacta do belén ou árbore a concurso.

**4. SELECCIÓN DAS OBRAS**

Un xurado nomeado pola Alcaldía efectuará a visita os beléns e árbores propostos o día 23/12/2019 dende as 17:30 ás 20:30 horas.

O fallo do xurado será inapelable, podendo declarar deserto todos o algún dos premios previstos.

O resultado do concurso farase público o día 27/12/2019.

**5. PREMIOS**

Outorgaranse 3 premios en metálico e 1 en especie:

1º PREMIO (entidades): 300,00€

2º PREMIO (entidades): 150,00€

PREMIO ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS: 100,00€

PREMIO ESTABLECEMENTOS DE CARÁCTER PÚBLICO: un lote de produtos navideños

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

## **6. COMPROMISOS DOS PARTICIPANTES**

Os participantes comprometeranse a expoñer os seus beléns e árbores de Nadal ao público en xeral o día 23/12/2018 de 17:30 a 20:30 horas.

Todos as persoas participantes comprometeranse a aceptar a decisión do xurado.

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras presentadas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.



**SOLICITUDE PARTICIPACIÓN “IV CONCURSO DE NACEMENTOS E  
ÁRBORES DE NADAL”.**

**2019-2020**

<b>1. DATOS DO SOLICITANTE</b>			
Nome e Apelidos		NIF	
En representación de:			
Enderezo			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Email

<b>2. SOLICITO</b>
<p>A INSCRICIÓN NO III CONCURSO DE NACEMENTOS E ÁRBORES DE NADAL PARTICIPANDO CON:</p> <p><input type="checkbox"/> ÁRBORE DE NADAL</p> <p><input type="checkbox"/> NACEMENTO</p> <p>SITUADO EN</p>

Toén de 2019

O/A solicitante

Asdo.:

**Información básica sobre protección de datos**

**Normativa:** Regulamento (UE) 2016/679 RGPD

**Responsable:** CONCELLO DE TOÉN

**Finalidade:** A xestión de datos das solicitudes presentadas ante o rexistro xeral do Concello

**Lexitimación:** Obrigación legal

**Persoas destinatarias:** Non se cederán datos a terceiros, salvo obrigación legal

**Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

**Información adicional:** Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en [www.toen.es](http://www.toen.es).

Conforme ao establecido no art. 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

A persoa interesada, ao marcar esta casa  opoñe expresamente a que a Administración solicite datos ou documentos a través das súas redes corporativas ou ben a través de consultas ás plataformas de intermediación.

**Concello de Toén**

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - [www.toen.es](http://www.toen.es) - [concello.toen@eidolocal.es](mailto:concello.toen@eidolocal.es)